

Unha breve introdución á Cidade de Bemposta

En 1956 en plena ditadura franquista, con ilusión e coraxe, un puñado de mozos aventureiros, puxeron mans á obra para facer realidade a utopía. «Só paga a pena loitar por aquelas cousas que a simple vista parecen imposibles de conseguir», dicían.

E así naceu, a Ciudad de los Muchachos de Bemposta ubicada na cidade de Ourense, inaugurada oficialmente polo ministro de Educación e o bispo de Ourense da época.

A cousa empezou con quince rapaces, dende entón, máis de 50.000 nenos de todo o mundo pasaron por esta singular cidade.



O circo sempre foi o epicentro da Ciudad de los Muchachos. Unha cidade que abriu a primeira escola de Circo de España e a segunda do mundo, despois de Moscú. Máis de 3.000 mozos de distintos países pasaron pola escola universitaria de artes acrobáticas e circenses de Bemposta. Calquera neno ou nena, dende os cinco anos, sen distinción de país, raza ou credo podía ser cidadán de Bemposta. A organización da cidade, na que vivían habitualmente máis de 200 persoas, era totalmente democrática. O órgano supremo era a Asemblea Popular, que se reunía diariamente para tratar os problemas que afectaban á comunidade. A Asemblea nomeaba o alcalde da Ciudad de los Muchachos, que exercía o cargo por un período de dous anos Bemposta contaba coas súas propias institucións e servizos: Concello, Policía, Industria, Finanzas... E tiña moeda propia: a «coroa», actualmente equiparada ao euro. En 1966, o Circo de los Muchachos facía o seu debut en Barcelona nunha carpa na praza de Cataluña. A partir dese momento sucederíanse as xiras por España e por todo o mundo.

O Circo de los Muchachos viaxou por 85 países dos cinco continentes e presentou o seu espectáculo en locais tan prestixiosos como o Madison Square Garden, de Nova Iorque; Grand Palais, de París; Pazo Olímpico, de Tokio, e Maracaninho, de Río de Janeiro.

Máis de 200 millóns de persoas presenciaron, en vivo e en directo o Circo de los Muchachos, que se converteu no espectáculo cultural e artístico máis internacional de España.

O espírito e a obra de Bemposta estendeuse por Colombia, Venezuela, Bolivia, República Dominicana, Xapón, Nicaragua, Mozambique e EE.UU.



Máis de medio millón de nenos viven aínda nas 16 Ciudades de los Muchachos que xurdiron en torno a este proxecto, sendo igualmente a base do Circo do Sol recoñecido polo seu fundador Guy Laliberté.

Foi a partires dos anos 90 cando a Ciudad de los Muchachos de Ourense comezou a ter problemas económicos e tívose que ir abandonado o proxecto ata case esmorecer. A partires do ano 2012 retomouse a iniciativa coa intención de reactivar a cidade. Xa o ano pasado actuaron artistas como Manu Chao, unha fundación comeza a reactivarse, estase a recuperar a memoria do circo e comezará unha nova xira por Australia, China e Xapón coa intención de ir recuperando o espírito dun dos maiores proxectos sociais recoñecido a nivel mundial da historia de Galicia.